

### **CUESTIONARIO PREPARACIÓN+REFLEXIÓN “LIBERDADE” (Puntuación: 1.25 pts.):**

**Instrucións:** Responde ás cuestións formuladas en base ás túas opinións e aos coñecementos adquiridos na materia de Filosofía. Por tanto, trata de recoller nas respostas o teu primeiro borrador, pero incorporando ao mesmo tempo as anotacións de clase ao fío da posta en común do cuestionario.

1. Que entendes, con carácter xeral, por liberdade?, que significa ser libre?, que é unha persoa libre?, quen é libre?
2. Que conceptos consideras que son sinónimos de liberdade? Por contra, que termos serían os antónimos da noción de liberdade? Explica un dos conceptos sinónimos e un dos conceptos antónimos, argumentando porqué se identifican e se opoñen, respectivamente, á liberdade.
3. Que sería, en sentido máis específico, a liberdade individual?, que se entendería por liberdade colectiva?, resultan compatibles a liberdade individual e a liberdade colectiva?
4. Resulta posible estar suxeito a normas e seguir sendo libre?, a liberdade é compatible coa obediencia á lei?, en caso afirmativo, baixo que requisitos?
5. O ser libre depende só de un ou require de certas condicións externas?, en caso de resposta afirmativa, cales son esas condicións obxectivas externas necesarias para que se poida falar dunha liberdade efectiva?